Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43357 (10/POC-006864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a cesión polo Goberno galego dun espazo ao Ateneo de Ourense para que poida desempeñar a súa actividade unha vez que se materialice o traslado da actual biblioteca pública

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43361 (10/POC-006865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos dos accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas correspondentes ao ano 2018, as medidas previstas ao respecto e as súas intencións referidas á demanda ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43364 (10/POC-006866)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre os beneficios e o impacto que terían nos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos de Solpor, Meirama, Legres, Monte Inxerio e Gasalla, promovidos polas empresas Naturgy, Capital Energy e Green Capital Power, S. L.

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43366 (10/POC-006867)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas e actuacións previstas polo Goberno galego para a restauración e conservación da Torre de Doncos, situada no concello das Nogais, segundo o disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43367 (10/POC-006868)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre os bens inmatriculados pola Igrexa católica en Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43368 (10/POC-006869)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a adxudicación do servizo de comedor do IES Aquis Querquernis, de Bande, a realización dalgunha avaliación da calidade da súa prestación e o seu coñecemento das deficiencias detectadas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43369 (10/POC-006870)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a opinión do Goberno galego referida á aplicación na actualidade á Escola Superior de Arte Dramática de Galicia das condicións organizativas e laborais establecidas na normativa vixente para educación secundaria, así como á posibilidade de que noutros países non se convalide a titulación superior do alumnado de artes escénicas e musicais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43370 (10/POC-006871)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao mantemento do funcionamento da escola unitaria de Carnoedo, no concello de Sada, ou, se é o caso, as razóns para o seu peche

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43371 (10/POC-006872)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as intencións do Goberno galego referidas á autorización do uso turístico, cultural e artístico da fortaleza do castelo de Monterrei, así como as actuacións previstas para a súa posta en valor garantindo a súa preservación, segundo o disposto na Lei do patrimonio cultural de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43373 (10/POC-006873)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as medidas aplicadas polo Goberno galego para facilitar a conciliación da vida estudiantil e familiar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43374 (10/POC-006874)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao número de visitantes diarios que está a recibir a illa de Ons, o control que está a levar a cabo respecto dos billetes expedidos polas empresas navieiras e as razóns da demora que presenta a aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 43377 (10/POC-006875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación da aplicación das medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 43384 (10/POC-006876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a resposta oficial da Xunta de Galicia referida á débeda dos anteriores xestores dunha parcela obxecto de concesión pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 43386 (10/POC-006877)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre os datos referidos á aplicación do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na comunidade autónoma de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 43387 (10/POC-006878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia dos incumprimentos no réxime de visitas do público aos bens de interese cultural e as actuacións levadas a cabo ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43388 (10/POC-006879)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as consecuencias que tería, para a celebración do Ano xacobeo 2021, a perda da condición de Patrimonio da Unesco e Patrimonio da Humanidade do Camiño Francés polas ameazas que supón para o seu trazado e a súa axeitada conservación o proxecto de reapertura da mina de cobre de Touro-O Pino, segundo o informe do Comité Internacional de Monumentos e Sitios, ICOMOS

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 43389 (10/POC-006880)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns do incumprimento no Colexio Padre Feijóo, de Allariz, da taxa establecida de alumnado por aula

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43390 (10/POC-006881)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a contía destinada pola Consellería de Cultura e Turismo para o patrocinio da vixésimo terceira edición do Festival de Cine Internacional de Ourense, así como as destinadas para ese fin nos anos anteriores

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43391 (10/POC-006882)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos referidos ao alumnado que quedou sen praza nos graos medios e superiores de formación profesional no curso 2018-2019, así como a evolución que presenta a demanda destas ensinanzas desde o ano 2008

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43392 (10/POC-006883)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación da oferta de formación profesional no concello de Vilalba

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**, relativa ao Museo do Viño de Galicia.

No 2018 cumpríronse trinta anos desde que se propuxera a creación do Museo do Viño de Galicia, acompañada de conflitos e polémicas. Coa pretensión de ser unha infraestrutura para toda a comunidade e con presenza das cinco denominacións de orixe galegas.

Recuperada a reitoral de Santo André de Camporredondo en Ribadavia por unha escola obradoiro, o edificio foi cedido á Xunta pola Diócese de Ourense para crear o Museo e alongada a cesión outros 25 anos máis.

O Conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, anunciou nunha visita en agosto de 2017 que se publicara a licitación de fabricación e instalación do proxecto expositivo deste centro, por importe de 713.641,54 euros.

O 15 de xaneiro de 2018: A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a formalización do contrato de subministración, suxeita a regulación harmonizada, da fabricación e instalación do proxecto expositivo do Museo do Viño de Galicia. O investimento destinado a este fin ascendeu a 508.007,25 euros, e sumouse aos máis de 1,36 millóns de euros que destinados pola Xunta de Galicia para restaurar e





acondicionar a reitoral. Porén no proxecto do Museo do Viño de Galicia lévanse investidos case 2 M€.

É obvio que o Museo do Viño está listo para abrir e coa adxudicación privada xa realizada (privatización despois dunha enorme cantidade de recursos públicos investidos), imaxinamos que intereses alleos ao propio futuro Museo son o motivo do seu adiamento.

É preciso coñecer a causa de que estando todo listo, mesmo anunciado, agora se adía, aínda que sexa brevemente. Pero alén do oportunismo dos partidos que pretenden adxudicarse o “mérito” da apertura (sen que ninguén responda de máis de 30 anos de fracaso que provocaron o seu peche ata o 2019) e o partidismo das diferentes administracións, a realidade é que a día de hoxe aínda non se formalizou a creación do MUSEO DO VIÑO DE GALICIA como tal. Para iso é precisa a creación a través de decreto do Consello da Xunta, que ata o día de hoxe non existe.

Segundo a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. No Artigo 113. Creación e regulamentación, recolle: A creación, autorización e cualificación dun museo ou dunha colección visitable realizarase por acordo do Consello da Xunta, no cal se delimitará o seu ámbito territorial e o seu contido temático.

Asemade, a reitoral de Santo André de Camporredondo non dispón de accesos ni de aparcadoiro axeitados, un problema para o acceso de autobuses e para o estacionamento de coches.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª.





- 1.^a) Cando se fará a apertura?
- 2.^a) Ten prevista a Xunta facer algún acto de inauguración?
- 3.^a) Cando se efectuará e realizará a autorización e cualificación do Museo?
- 4.^a) Cal foi o motivo do último adiamento da apertura?
- 5.^a) Cal vai a ser o cadro de persoal técnico e de xestión?
- 6.^a) Cal vai ser o seu encadramento como Museo?
- 7.^a) Vai ser un ente propio, integrado no Museo etnolóxico de Ribadavia?
- 8.^a) Vai ser integrado no Museo Provincial?
- 9.^a) Vai depender unicamente da XUNTA de GALICIA?
- 10.^a) Está prevista algunha participación da Deputación ou do Concello?
- 11.^a) Como pensan solucionar o problema de accesos e de aparcadoiro axeitados?
Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/01/2019 13:59:14

Luca Chao Pérez na data 10/01/2019 13:59:21





Á Mesa do Parlamento

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a.

A pesares das múltiples evidencias que as fórmulas de colaboración público-privadas na posta en marcha de centros hospitalarios, teñen pésimos resultados e elevados custos para o conxunto da sociedade, o Goberno de Feijóo decidiu realizar este tipo de Xestión para o Novo Hospital de Vigo.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente Xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, con consecuencias negativas para os servizos privatizados como o da cociña, lavandaría, mantemento...

Esta semana, coñecíamos as denuncias que están a facer dende o Hospital en relación a situación coas bolsas da roupa sucia, circunstancia da que xa se teñen queixado en outras ocasións e que está a ocasionar conflitos laborais.

En primeiro lugar encomendouse ao persoal de limpeza, que denunciaron que dita labor non viña recollida no prego de condicións e que ademais restáballes tempo para o aseo doutras zonas, tendo en conta a plantilla de mínimos na que se atopan.

Agora, a labor acaba de ser encomendada a Auxiliares de enfermería por orde da Dirección do complexo hospitalario, pero a Comisión de Centro de Atención Especializada, denuncia que estas función non son propias da súa categoría e non se atopan incluídas no Estatuto, concorrendo unha situación parecida á do persoal de limpeza en tanto que teñen que deixar outras tarefas como a propia atención a pacientes e tendo en conta que se trata dun colectivo que xa de por si sofre unha excesiva carga de traballo por mor dos recortes.





Os PCAP do contrato do Novo Hospital de Vigo contempla varias figuras que permiten á Xunta de Galicia velar polo correcto cumprimento dos servizos dos que se ten que facer cargo o concesionario así como da correcta execución dos mesmos, tanto mediante a Comisión Mixta de Seguimento á que se lle encomenda entre outras función a de “supervisar a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario”, ou mediante persoa que a Administración designe como representante no Consello de Administración, á que os PCAP outórganlle as función de “vixilancia no cumprimento das obrigas do concesionario e cantas función de certificación e informe sexan necesarias. En particular, examinará e comprobará os libros e contas da citada sociedade e inspeccionará, no seu caso, todas as instalacións e servizos”.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Cales son os informes da Comisión Mixta de Seguimento en relación a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario?
- Que papel está a xogar a persoa que representa a Administración no Consello de Administración en canto a trasladar as situación precarias nas que se atopan os servizos privatizados?
- Que pensa facer o Goberno ante este conflito coa roupa sucia?
- Dende cando ten coñecemento o Goberno desta situación?
- Vai a Xunta de Galicia a seguir beneficiando o lucro da concesionaria a costa do orzamento público e o sobreesforzo do persoal?





- Ten pensado a Xunta de Galicia rectificar na súa decisión de apostar pola fórmula de colaboración público-privada na sanidade, tendo en conta as múltiples eivas e pésimos resultados para o interese xeral?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 14:03:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

No mes de abril detectouse un grave problema nos hospitais de Vigo en relación a un polvo branco atopado en contedores que levan a quirófano o instrumental.

Este suceso, levou á cancelación de bastantes operación e a posta en marcha dunha investigación para saber cal era a causa do problema.

A empresa privada provedora dos contedores, anunciou a posta en marcha dun análise para detectar o problema e ao mesmo tempo, o SERGAS contratou un laboratorio para levar a cabo outra investigación paralela.

A día de hoxe, aínda nada se sabe en relación ás investigación levadas a cabo pese a que, segundo información pública, o SERGAS xa recibiu informes sobre o sucedido.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- É coñecedor o Goberno deses informes?
- Por que non os fixo públicos?
- Cando teñen pensado facer públicos os informes?
- Que medidas vai tomar para resolver esa situación?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2019 14:08:06



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis densas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, e nunha gran parte deles non ten ningunha cobertura.

Con motivo desa decisión da agrupación do servizo en torno a determinados centros de saúde, e ao fío dunha interpelación e moción presentada polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, atendido nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, que na actualidade mantén a ausencia de pediatras en moitos puntos da xeografía, mantendo a decisión da agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan, no respecto a este servizo, como puntos de referencia comarcais.

O pasado verán, debido ás vacacións do pediatra os concellos de Cariño, Ortigueira e Mañón non tiveron o servizo de pediatría e agora desde o día 7 de xaneiro de 2019, volven estar sen o seu servizo por baixa laboral, polo que, os nenos e nenas maiores de 3 anos poden ser atendidos nos seus centros de saúde, e os nenos e nenas de 0 a 3 anos teñen que desprazarse ata o centro de saúde de Cedeira, que na actualidade tamén se atopa saturado porque atende a nenos e nenas dos concellos limítrofes.



Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que vai facer o Goberno galego para solucionar a grave situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Cariño, Ortigueira e Mañón?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2019 16:28:55

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2019 16:29:05

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2019 16:29:13





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

A estrada PO 400 é un vial de titularidade autonómica que comunica os concellos de As Neves, Arbo e Crecente. Ao seu paso polo Concello das Neves esta estrada adoce de diversas deficiencias de trazo e seguridade viaria, que poñen en risco tanto a circulación de vehículos como as persoas que viven na súa contorna.

Un dos puntos máis perigosos, un auténtico punto negro, é a intersección de Setados, no punto quilométrico 9+980. Nesta zona, a falta de visibilidade na incorporación desde a estrada local, a imposibilidade de xirar á esquerda en dirección As Neves, e a velocidade a que circulan os vehículos son factores que converten o acceso desde a parroquia de Setados nunha auténtica “ruleta rusa”. Son frecuentes os accidentes e as situacións de perigo, e en calquera momento, se non se lle pon remedio, pode producirse unha traxedia.

A situación de elevado risco para a integridade e a vida de automobilistas que se incorporan neste punto é un grave problema ao que cómpre procurar solución, que pasa por actuar sobre a estrada para mellorar a visibilidade, calmar o tráfico e facilitar as incorporacións desde a parroquia de Setados tanto en dirección As Neves como en dirección Arbo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de perigosidade que se dá neste punto determinou que no ano 2014 a Xunta de Galiza encargase un Estudo para a Mellora da Intersección no PK 9+980 da PO 400 (As Neves), no cal de prevía unha importante mellora tanto nas incorporacións desde o viario municipal á estrada autonómica como o acceso á PO 400 desde a estrada local. Estas manobras gañarían moito en canto a visibilidade e seguridade coa creación dun terceiro carril na PO 400.

A realidade é que, despois de transcorridos máis de catro anos desde a redacción do citado estudo, non se deu ningún paso adiante para facer realidade esta obra tan demandada. E isto malia as reiteradas demandas do Concello das Neves, que ademais manifestou a súa dispoñibilidade a colaborar na execución desta actuación habilitando nos orzamentos municipais de 2016, 2017 e 2018 unha partida de 50.000 euros para facer fronte aos custos de expropiación dos terreos.

Esta ausencia de investimento por parte da Xunta de Galiza nesta perigosa intersección contrasta coa realización de investimentos noutros treitos desta estrada, nomeadamente no Concello de Arbo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Por que razón paralizou a Xunta de Galiza o proxecto de mellora no PK 9+980 da PO400 (acceso a Setados) no Concello das Neves?

Que investimentos realizou a administración galega nesta estrada no período 2013-218?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que prazo prevé levar a cabo o goberno galego a solución do grave problema de inseguridade e risco que se produce na intersección de Setados?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2019 10:03:10

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2019 10:03:15

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2019 10:03:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2019 10:03:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2019 10:03:19

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2019 10:03:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na Comisión 6.^a, relativa ás medidas propostas na Comisión Técnica entre a Xunta de Galicia e a industria electrointensiva galega.

Vimos de recibir por parte do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria as primeiras propostas da Comisión técnica sobre a Industria Electrointensiva galega. Agradecemos e valoramos o traslado desta información dun proceso imprescindible para a subsistencia desta industria en Galicia.

Unha primeira lectura das propostas ten para nos unha impresión positiva, pero consideramos que debería de ir moito máis alá para dar estabilidade e seguridade de custos para estas empresas e, por outro lado, garantir un servizo de Interrumpibilidade máis eficaz e flexible, xa que cada vez terá máis importancia segundo se incorpore un maior volume de potencia renovable.

Por elo plantexamos estas preguntas ao Goberno para a partir das súas respostas poder desenvolver unhas propostas concretas para mellorar o funcionamento da Comisión técnica no camiño de concretar da mellor maneira o Estatuto das empresas electrointensivas.

Valoramos moi positivamente que por fin despois de que En Marea o leve propondo máis de dous anos se propoña a categorización dos consumidores electrointensivos segundo marca o punto I do Informe, pero consideramos que sería máis axeitado que se fixera segundo a relación entre Mwh consumidos e os



custos totais de explotación e non do VEB.

Valoramos tamén positivamente as propostas do punto II do informe, pero consideramos que empresas como ALCOA poderían ter problemas para cumprir o punto II 1º no que respecta a que o 55% do consumo total anual sexa en período 6. Consideramos que antes de pechar a proposta habería que ter as opinións desta empresa e da súa representación laboral.

Por outra parte consideramos que habería moitos outros asuntos a considerar moi importantes como:

- Modificar, simplificar e flexibilizar os procesos de adxudicación de potencia interrompible e que os mesmos se desenvolvan de maneira telemática.
- Flexibilizar as condicións de execución da redución da demanda de forma que sexa efectivamente un sistema de xestión da demanda ademais de cubrir situacións de emerxencia.
- A adxudicación do servizo se debería poder realizar con carácter anual, mensual ou semanal.
- Proponer mecanismos para que os adxudicatarios de potencia interrompible poidan recomprar as súas obrigas de redución da demanda.
- Proponer que a retribución máxima, e os volumes de potencia interrompible se garantan por un período de tres anos.
- Ademais do contemplado no punto II 4º da proposta da Comisión técnica, sobre compensación polos custos indirectos de CO2, establecer, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, unha liña de axudas directas á industria, de carácter trienal, ao amparo das Directrices, 2014/C 200/101 de 28 de xuño de 2014, da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020. Axudas concedidas co fin de reducir a carga que representa o financiamento do apoio á enerxía procedente de fontes





renovables e a colaboración no proceso de transición enerxética, condicionadas ao cumprimento dos supostos que queden fixados no regulamento posterior.

Todo o exposto evidencia que sería necesario ampliar e mellorar a composición da Comisión Técnica para que non só sexan tidos en conta os puntos de vista das empresas, se non os da súa parte social e de expertos na regulación do sistema eléctrico. Isto podería garantir un sistema máis perfeccionado e cun horizonte temporal a longo prazo.

Por todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

- 1.- Para dar cumprimento ao aprobado por unanimidade neste Parlamento, está a Xunta de Galicia disposta a incorporar a representación social das empresas electrointensivas á Comisión Técnica?
- 2.- Considera a Xunta de Galicia imprescindible a incorporación á Comisión Técnica de expertos na regulación do sistema eléctrico?
- 3.- Dada a importancia das conclusións desta Comisión Técnica e a súa repercusión no mantemento de miles de postos de traballo industriais en Galicia, acepta a Xunta de Galicia o seu traslado a este Parlamento para ser debatido na Comisión 6ª?





4.- Dada a urxencia de ter un ditame, que datas contempla a Xunta de Galicia para ter todo o proceso pechado e dar o seu traslado ao Ministerio de Transición Enerxética?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 11/01/2019 10:31:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª**

O concello de Vigo e Portos do Estado negáronse a facilitar a documentación á Comisión do Parlamento de Galicia que investiga as causas e responsabilidades derivadas do accidente producido na noite do 12 ao 13 de agosto no recinto portuario de Vigo durante o festival do Marisquiño.

No escrito da autoridade portuaria de Vigo, remitida o 26 de decembro de 2018 ao Parlamento, remite ao informe enviado pola asesoría xurídica de Portos do Estado, debido á consideración do porto de Vigo cualificado como porto de interese xeral do estado, e por tanto, sometido á competencia estatal de Portos de Estado.

Doutra banda, o concello de Vigo, amparándose na normativa da Lei de Bases de Réxime Local e na Carta Europea de Autonomía Local (CEAL), que sinala que os órganos executivos dos entes locais son responsables ante as súas Asembleas ou Consellos, e na autonomía do propio ente reclama a non inxerencia do Parlamento sobre cuestións de índole municipal, entendendo que non ten obriga de remisión da mesma porque o Concello non se atopa supeditado ao control parlamentario.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle a competencia en xeral de Galicia, no artigo 27.2, a organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de termos municipais





comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre o réxime local lle correspondan á Comunidade ao amparo do artigo 149.1.18º da CE e o seu desenvolvemento. Por tanto, existe unha sorte de concorrencia nas competencias entre Estado a través da Autoridade Portuaria en Vigo (na que se aplicaría a Lei de Portos e Mariña Mercante), as competencias do concello, por estar encravado o porto no termo municipal do Concello de Vigo, e as da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:

1.- Que pensa a Xunta sobre a negativa de Portos do Estado de aportar a documentación necesaria á Comisión que investiga o accidente ocorrido no Marisquiño? E sobre a negativa á comparecencia das persoas da Autoridade Portuaria de Vigo? Coñece a Xunta se se fixo o requirimento formal a estas autoridades para que comparezan na Comisión non Permanente de Investigación sobre o Marisquiño?

2.- Que medidas lexítimas vai levar a cabo a Xunta para que Portos do Estado envíe a documentación á dita comisión?

3.- Que lle parece a resposta de Portos do Estado e da Autoridade Portuaria de Vigo en canto cuestionan as competencias do Parlamento e da Xunta de Galicia, as dúas institucións de autogoberno máis representativas do noso pobo?

4.- Que medidas ten pensado tomar a Xunta para que este tipo de accidentes non volvan ocorrer? Por que a Xunta non solicitou ao Ministerio de Fomento a revisións dos Portos cualificados como Portos de Interese Xeral do Estado? Fíxoo xa ? En que data?

5.- Que medidas tomou a Xunta de Galicia para garantir a seguridade das persoas no ámbito das súas competencias, tal e como recolle o artigo 9 da lei 10/2017, ante un evento destas características que mobiliza tantas persoas? Que medidas





adoptou a Xunta para garantir a seguridade do espectáculo e as estruturas nas que se celebraban e sobre as que ten como autoridade administrativa a labor de garantir a seguridade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga,

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/01/2019 10:26:57

Paula Vázquez Verao na data 11/01/2019 10:27:05

Carmen Santos Queiruga na data 11/01/2019 10:27:11



A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Guadalupe Murillo Solís, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

No interior do recinto escolar do CEIP Praza de Barcelos, ubicado na praza do mesmo nome na cidade de Pontevedra, existe dende os anos oitenta un transformador, que supón un evidente risco para a seguridade da comunidade escolar do centro, risco que vén sendo denunciado dende hai anos ante o Concello de Pontevedra.

Recentemente, o pasado día 11 de decembro, sobre as dúas da tarde, un cortocircuíto provocou un incendio no transformador eléctrico que obrigou aos servizos de emerxencia a evacuar o colexio, ocupado nese momento por setenta nenos que se atopaban empregando o servizo do comedor escolar.

Afortunadamente, soamente se produciron danos materiais, quedando a salvo todos os alumnos, profesorado e resto de persoal do centro.

Tras o incendio, os pais e nais de alumnos do centro reclamaron que non se volvесе instalar nunca máis un transformador no interior do recinto, e en sinal de protesta decidiron permanecer pechados no colexio ata que se lles garantira que así se faría.

Finalmente, á noite dese mesmo día, os membros da comunidade educativa aceptaron permitir o paso de operarios da empresa de distribución co compromiso verbal de que o transformador será trasladado o antes posible.

Resulta preciso resaltar que xa no ano 1984 o entón Director do Centro remitira un escrito ao Concello de Pontevedra esixindo a retirada do transformador, reivindicación que se viña reiterando periodicamente.

Así, no Pleno municipal do mes de xullo de 2016, o Grupo Municipal do Partido Popular formulou un rogo ao Alcalde para que se atendese a petición trasladada polo Consello Escolar para o soterramento do transformador, petición que obviamente non foi atendida polo Concello.

Meses antes, o Concello se comprometera coa ANPA a soterrar o transformador.



Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Coñece o Goberno galego si o Concello de Pontevedra vai realizar as xestións oportunas para que se retire o transformador eléctrico do interior do recinto escolar do CEIP Barcelos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2019 11:02:27

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2019 11:02:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 11/01/2019 11:02:44

Maria Antón Vilasánchez na data 11/01/2019 11:02:52

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2019 11:02:58

Carlos Gómez Salgado na data 11/01/2019 11:03:07

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2019 11:03:20

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2019 11:03:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2019 11:03:35

Martín Fernández Prado na data 11/01/2019 11:03:39



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia, para o cal se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

Esta axencia serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, de modo que contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

Polo tanto, A ACSUG pretende ser un referente canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales son as principais actuacións de avaliación que realiza a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) En relación coa acreditación institucional das universidades galegas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 11/01/2019 11:07:53

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2019 11:08:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Maria Antón Vilasánchez na data 11/01/2019 11:08:04

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2019 11:08:09

Carlos Gómez Salgado na data 11/01/2019 11:08:19

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2019 11:08:27

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2019 11:08:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2019 11:08:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Martín Fernández Prado e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

É por todos coñecido que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia proxectaba a creación dun Campus de FP en Vigo coa colaboración da Zona Franca, pero tras o cambio que se produciu no goberno central a través dunha moción de censura e o conseguinte cambio na dirección da zona Franca de Vigo, esta entidade decidiu desmarcarse unilateralmente do compromiso existente coa Xunta de Galicia para a creación deste campus de FP, o que veu a supoñer a inviabilidade deste proxecto.

Tras estes acontecementos a Deputación de Ourense, a través do seu Presidente, amosouse partidaria de explorar a posibilidade de levar a cabo un proxecto de innovación na Formación Profesional na provincia de Ourense. Esta proposta de colaboración da Deputación de Ourense foi ben acollida polo goberno galego, de tal xeito que xa se teñen celebrado encontros entre as dúas institucións para traballar na elaboración deste novo proxecto de innovación na formación profesional na provincia de Ourense.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que proxecto está previsto implantar en Ourense en relación coa innovación na Formación Profesional?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2019 11:10:27

María Antón Vilasánchez na data 11/01/2019 11:10:34

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2019 11:10:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Carlos Gómez Salgado na data 11/01/2019 11:10:51

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2019 11:11:02

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2019 11:11:10

Martín Fernández Prado na data 11/01/2019 11:11:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/01/2019 11:11:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-S8V8AYKwq-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Instituto Galego de Estatística presentou o pasado día 31 de outubro os resultados da explotación da mostra continua de vidas laborais. A MCVL é un conxunto de microdatos individuais, pero anónimos, extraídos dos rexistros da Seguridade Social que se completan con información fiscal procedente da AEAT e con información do Padrón Continuo facilitada polo INE.

A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Os ficheiros procedentes da Seguridade Social permiten reconstruír a historia laboral dos individuos da mostra dende o ano 1967: os episodios nos que o individuo estivo traballando e cotizando a Seguridade Social e as características laborais destes episodios (duración, tipo de contrato, grupo de cotización, réxime, bases de cotización, etc.), así como os episodios de desemprego.

Nesta explotación séguese a evolución salarial das mesmas persoas ao longo do tempo, o que permite saber de forma precisa cal é a evolución dos salarios, porque non son un agregado afectado por cambios na composición da forza de traballo –substituír fixos por temporais, por exemplo- senón as variacións no salario que ten unha persoa ao longo do tempo.



No informe do IGE faise unha desagregación dos datos por provincias para unha serie de variables relevantes, tanto no número de persoas con salarios baixos, a distribución por tramos de salario, a fenda salarial de xénero ou a evolución da mediana do salario dende 2002 a 2016.

Na análise elaborada polo IGE a mediana salarial en Pontevedra en 2016 era de 14.137 euros brutos ao ano, isto é, 1.010 euros en 14 pagas, unha cifra que unha vez descontada a cotización á Seguridade Social se queda por debaixo de mil euros.

Pola súa vez, a mediana salarial pasou de 14035 euros anuais brutos en 2012 a 14.137 euros brutos en 2016. Isto significa que en catro anos, tres de eles xa na fase alcista do ciclo económico, o salario mediano de Pontevedra aumentou en 102 euros anuais. En termos relativos supón un incremento nominal do 0,7%, pero en realidade os salarios perderán poder adquisitivo porque nese tempo o IPC acumulado é do 3,2%.

No mesmo documento do IGE a mediana salarial en Pontevedra en 2016 era de 16.549 euros brutos ao ano para os homes mentres que o salario mediano das mulleres apenas chegou a 12.021 euros.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta:

1.^a) Como valora o Goberno que na provincia de Pontevedra houbera 110.775 persoas asalariadas que ingresaron menos de 10.000 euros anuais, isto é, menos de 700 euros netos en 14 pagas, situación de precariedade salarial que afectou ao 34% das persoas asalariadas da provincia?

2.^a) Como valora o Goberno que o salario mediano en Pontevedra estea por debaixo de mil euros netos segundo o informe do IGE sobre a Mostra continua de vidas laborais?





- 3.^a) Como valora o Goberno que na provincia de Pontevedra o 50% das persoas aslariadas non chegase a gañar mil euros netos ao mes en 14 pagas, isto é, que unha de cada dúas persoas aslariadas non chgue a mileurista?
- 4.^a) Como valora o Goberno que o salario mediano en Pontevedra estea practicamente estancado dende 2012 en termos nominais, pero acumulando unha perda de poder adquisitivo do 2,5%, en especial tendo en conta que en 2014 se iniciou unha fase alcista do ciclo económico?
- 5.^a) Como valora a Xunta que o salario mediano das mulleres sexa catro mil cincocentos euros inferior ao dos homes, isto é, que as mulleres sufran unha fenda salarial do 38%?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 11/01/2019 11:32:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A construción dun novo centro de saúde na A Estrada, pode ser unha boa oportunidade para situar nun anexo ao mesmo, unha base do 061.

Actualmente, a base do 061 atópase separada do centro de saúde, o que supón unha perda de tempo na recollida do equipo de facultativos, o cal debe saír todo xunto para atender ás Emerxencias sanitarias. Estimase polas profesionais, que a marxe de tempo que se aforraría sería entorno a 15 minutos, un tempo totalmente necesario en moitas das situación nas que a saúde depende dunha rápida resposta.

Ademais, independentemente da mellora que supón de cara á atención sanitaria, a actual base onde se atopa situada a ambulancia do 061, resulta de todo incómoda para a limpeza a desinfección da ambulancia e do material, ademais de estar exposta a axentes climáticos como as xeadas ou as altas temperaturas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Ten pensado a Consellería de Sanidade, dotar ao novo centro de A Estrada dunha base para o 061?
- Non considera a Consellería de Sanidade, que resultaría moito máis axeitado este lugar que o actual?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 18:02:12



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A atención á saúde mental na área da Coruña está a presentar unha situación preocupante. Segundo están a denunciar desde inicios de 2017, e con maior intensidade desde setembro de 2018, profesionais sanitarios da área, a situación da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do CHUAC estase agravando progresivamente.

As condicións de espazo e o procedemento de contención mecánica ou a necesidade de utilización de baños colectivos seguen a ser deficientes. As dotacións de equipos asistenciais seguen a ser deficitarias, debendo o persoal facultativo de psiquiatría contratado a media xornada facer xornadas completas.

A redución drástica da prestación de psicoloxía clínica na Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil do Hospital Materno Infantil, substituída por prestación psiquiátrica, é preocupante. Impídese o acceso directo á atención psicolóxica, aínda que sexa derivado desde atención primaria. Tras o recorte en 2010 por parte do servizo de Psiquiatría do tempo de atención asignado a unha das prazas de psicoloxía clínica do Materno, en outubro de 2018 vólvese reducir o tempo de atención do psicólogo á poboación infanto-xuvenil, limitándose a un día por semana, designándose paralelamente a un psiquiatra como reforzo da unidade para alixeirar a lista de espera.

Esta situación está na práctica imposibilitando de forma xeral o acceso a asistencia psicolóxica dunha importante franxa de poboación infanto-xuvenil na área da Coruña.

Ademais, a Unidade de Psiquiatría do Hospital Marítimo de Oza está tamén en situación de sobre ocupación, o que impide unhas condicións propicias para proporcionarlle ao doente un entorno estruturado e estable que non entorpeza a súa evolución terapéutica. Esta situación agrávase polas deficiencias estruturais de baños compartidos e de habitacións de vixilancia e monitorización intensiva.

Ante a preocupante situación exposta, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas está adoptando ou ten previsto adoptar o Goberno galego, a través do Sergas e da EOXI da Coruña, para paliar con urxencia esta grave situación asistencial na atención á saúde mental na área da Coruña?





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/01/2019 12:25:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2019 12:31:10

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2019 12:31:50

Noela Blanco Rodríguez na data 11/01/2019 12:31:58



A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:





- Ten constancia a Xunta de Galicia da información contida no informe pericial?
- Por que non solucionaron os incumprimentos de normativa detectados, pese as advertencias levadas a cabo polos traballadores do 061?
- Pode asegurar o Goberno que as ambulancias UVI móbiles do 061 compren co peso máximo permitido pola Lei?
- Pode asegurar o Goberno que as ambulancias están en condicións de seguridade para traballadores e doentes?
- Ten pensado levar a cabo algunha acción en relación ao problema detectado?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/01/2019 10:28:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Na actualidade estase en pleno proceso de reforma regulamentaria para redefinir a Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.

Entre estes corredores está o Corredor Atlántico do que ata agora estaba excluído totalmente Galiza.

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galiza no Corredor Atlántico, o que significou, como tal proposta e aínda en trámite no Parlamento Europeo (a votación programada no Comité do Parlamento Europeo, prevista para o 25/10/2018), unha boa nova e a reparación parcial do sinsentido que era a exclusión total de Galiza da rede de corredores de mercadorías europea.

Posteriormente o Parlamento galego, a iniciativa do Grupo Parlamentar de En Marea, aprobaba unha Proposición non de lei na que se instaba á inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, por ser unha conexión fundamental para Galiza que atopa na unión co norte de Portugal un dos piares do seu futuro a nivel económico.

Máis tarde a Comisión de Transportes do Parlamento europeo, no día de 22 de novembro, aprobou a inclusión de varias conexións, entre elas a Vigo-Porto no





Corredor Atlántico ou a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza no Corredor Mediterráneo.

Sorprendentemente, na xuntanza do Consello da Unión Europea de 3 de decembro, non se incluíu na proposta debatida a conexión Vigo-Porto e si en cambio a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza.

Descoñecemos a razón pola que o goberno español non incluíu dita conexión na proposta a debate, pero consideramos que é unha decisión que supón un trato desigual e inxusto con Galiza, á que se aparta da posibilidade de acceder en mellores condicións ao financiamento de actuacións de modernización e mellora da competitividade das conexións ferroviarias de mercadorías.

O procedemento de reforma regulamentaria dentro das institucións europeas non está rematado e estase a tempo de reparar esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

-Vai esixir a Xunta de Galicia ao Goberno español a defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico dentro do proceso de reforma regulamentaria dos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o mecanismo “Conectar Europa”.?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 09:46:14

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 09:46:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, do 18 de setembro de 2017, pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovido pola empresa GESMAGA, da o visto bo á Declaración de Impacto Ambiental simplificada e ao non sometemento a unha avaliación ambiental ordinaria porque, segundo a Dirección Xeral, non se prevé que se xeren efectos ambientais significativos.

Só cinco días antes fórmulase, ante un proxecto en Santa Icí, concello de Arteixo, unha resolución do 13 de setembro da mesma Dirección Xeral que esixe en cambio, unha avaliación ambiental ordinaria a un proxecto cuxo proceso produtivo é case idéntico, e que é presentado pola mesma empresa, GESMAGA.

Chámanos a atención que para o proxecto do lugar da Furoca non se esixa unha avaliación ambiental ordinaria como xeito de asegurar as máximas garantías ambientais.

Hai que resaltar que o Partido Popular promoveu unha moción de censura no Concello de Coristanco, que é o responsable de outorgar a licenza municipal a esa planta, nunha actuación que, era vox pópuli, tiña detrás intereses empresariais diante dunha situación de paralización da actividade decretada polo anterior alcalde por carecer as actividades de xestión de residuos da construción e industriais que xa se estaban a realizar de título habilitante.





É público tamén que o anterior alcalde do PP, e alcalde accidental actualmente, está investigado dentro dun procedemento xudicial por presuntamente favorecer os intereses da empresa GESMAGA coa súa acción de goberno.

Por último, nin o estudo das alternativas nin o resto do documento ambiental presentado pola promotora, nin na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático se fai referencia, mínima sequera, ao Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (acordo do Consello da Xunta o 22 de decembro de 2016).

Plan que no seu apartado 4.1.2 precisa que “ *Galicia conta cunha ampla rede de recollida e tratamento de residuos industriais*”, cuantificada en 195 instalacións de almacenamento (capacidade 625.000 tn), 69 de clasificación (821.000 tn) e 369 instalacións de valorización (algo máis de 9 millóns de tn de capacidade) e 22 de eliminación (169.000 tn de capacidade).

Plan no que se conclúe no apartado 5.6 da súa Memoria (“*Necesidades de Infraestruturas de Xestión de Residuos*”) que “*Analizada e diagnosticada a produción de residuos de orixe industrial e a probable evolución da xeración, non se detectan necesidades de implantación de novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do Plan, agás as necesarias para cubrir o mercado derivado do tratamento de BEFVU que, como xa se comentou, resulta de difícil cuantificación*”.

Mais en concreto, e para os residuos industriais non perigosos, na provincia da Coruña hai 89 plantas de valorización, 48 de almacenamento, 37 de clasificación, 3 de eliminación e 7 vertedoiros, tal e como contén a Memoria do dito Plan, con instalacións de alta capacidade como as de Sogarisa en As Somozas, ou outras no concello de Cerceda, entre outras.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Considera que debера de terse en conta no Estudo de Impacto Ambiental e na resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático, do 18 de setembro de 2017, pola que se formula o informe de impacto ambiental da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos no lugar da Furoca, promovido pola empresa GESMAGA , o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022, acordo do Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016, e concretamente os contidos relativos á dotación de infraestruturas de almacenamento e valorización?
- 2) Considera que o estudo das alternativas está ben feito?
- 3) Como xustifica que nesta resolución non se demande a realización dunha avaliación ambiental ordinaria como si se fixo no caso do proxecto da planta en Santa Icíá?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 10:01:17

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 10:01:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático vén de formular favorablemente a declaración de impacto ambiental do proxecto do Parque eólico de Mouriños, ubicado nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas.

Este proxecto insiste no modelo desenvolto nas últimas décadas en Galiza.

Un modelo onde voan os beneficios producidos polo vento, que non serve para dinamizar a economía do rural e onde prevalece o descoido ambiental e paisaxístico.

As empresas aproveitan a normativa aprobada polos gobernos autonómico e estatal para facer un gran negocio que pouco deixa na economía local.

A declaración de utilidade pública outorgada sistematicamente por riba doutros usos, como o agrario, forestal ou turístico, e a declaración de proxecto de especial interese, que acurta os prazos á metade, son dous instrumentos que favorecen ás grandes empresas que se dedican á produción eólica, e impiden a defensa dos intereses da maioría.

No caso de Mouriños, o parque eólico proxectado atópase nun enclave de gran valor paisaxístico e patrimonial.





De acordo co Catalogo das paisaxes, o parque situase nas comarcas paisaxísticas da Costa da Morte e Bergantiños, na grande area paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais.

Ese catalogo delimita unha serie de areas de especial interese paisaxístico (AEIP), unha delas próxima ao parque, o Dolmen de Dombate.

O catalogo tamén identifica unha serie de miradoiros, o do Monte Branco e o do Alto da Fernandiña, este último situado dentro da área de aproveitamento do parque eólico.

A Axencia de Turismo de Galicia indica que os impactos máis importantes terán lugar na fase de explotación e, ao seu xuízo, o máis importante é no medio socioeconómico ao tratarse dunha zona cun claro destino turístico e rural.

Indica que os puntos de interese turístico son Castro de Borneiro ao oeste do parque eólico, o Dolmen de Dombate ao oeste e Torres do Allo ao sueste.

A Dirección Xeral do Patrimonio Natural no seu informe relativo ao ESIA indica que a zona onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais das recollidas na Lei 9/2001, nin na Lei 42/2007, aínda que próximo ao parque eólico, en torno a 1 km, se atopan os seguintes espazos con figuras de protección: Zona especial de conservación (ZEC) “Costa da Morte” (ES111000S), Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) “Costa da Morte”, e Zona de especial protección para as aves (ZEPA) “Costa da Morte (Norte)”.

Todos os grupos, incluso finalmente o PP, presentaron propostas de ampliación da Rede Natura, ampliación xa recomendada en 2011 pola Unión Europea, aprobándose a do Partido Popular no ano 2017.





A zona na que se sitúa o proxecto do parque eólico de Mouríños podería, polos seus valores e pola súa proximidade a estas zonas xa incluídas, ser parte desa ampliación e, polo tanto, pasar a ser unha zona vetada para a implantación de parques, pero aínda que isto aconteza, o parque xa será unha realidade.

Isto acontece mentres, inexplicablemente, segue paralizada a aprobación das Directrices da Paisaxe, e a ampliación da Rede Natura, ambas as dúas cuestións que poderían influír decisivamente no trámite do proxecto no caso de estar en vigor.

A zona ten un enorme potencial turístico polas súas condicións naturais e pola súa paisaxe, pero iso non é óbice para que este proxecto pase por riba de todo e continúe coa súa tramitación.

Porque segundo a empresa promotora, Renovables de Aragón SLU, os parques eólicos aproveitan unha das vantaxes territoriais de Galicia, o vento, para o seu desenvolvemento e para mellorar a calidade de vida das zonas rurais, que o proxecto implicara a creación de postos de traballo na fase de execución, pero tamén na de explotación, e sinalan os beneficios económicos as entidades locais que lles permiten acometer proxectos de interese social, así como, as infraestruturas asociadas aos parques.

Pero este proxecto creará pouco emprego na zona, e basicamente na fase de construción, case nada ou nada na de explotación e non deixará nin un euro nos concellos de Cabana de Bergantiños e Zas ao constar de 3 aeroxeneradores.

Isto fainos preguntarnos cal é o interese público neste modelo de explotación do vento.





Por todo o exposto o grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Considera que o modelo de desenvolvemento eólico de Galiza favorece a dinamización económica das zonas onde se implantan?
- 2) Considera que o negocio de empresas como Naturgy é de interese público?
- 3) Por que non se elabora por parte da Xunta de Galicia unha proposta de ampliación da Rede Natura?
- 3) Por que motivo está conxelada a aprobación das Directrices da Paisaxe que, segundo prometeu o Presidente da Xunta de Galicia, deberían de estar aprobadas en 2017?
- 4) En casos como o parque de Mouríños no que a empresa non pagará nin un euro de canon eólico, cal será o retorno para a economía local?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 10:07:43

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 10:07:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Os datos achegados polo INE sobre transmisións de dereitos de propiedade, nos que se recollen os datos acumulados do primeiro semestre de 2018, que reflicten a porcentaxe de transmisións correspondentes á vivenda protexida, deixan en evidencia os efectos altamente negativos da política nos últimos anos sobre a vivenda e, singularmente, sobre a vivenda de protección. Galiza é a comunidade do Estado, agás as CCAA insulares, que presenta unha menor porcentaxe de vivenda protexida.

Táboa 1.

| Estadística de Transmisións de vivenda. Porcentaxe de vivenda protexida | |
|---|---------------------|
| Resultados por Comunidades Autónomas. Datos primeiro semestre 2018 | |
| | % Vivenda protexida |
| Andalucía | 9,98 |
| Aragón | 14,43 |
| Asturies | 17,97 |
| Balears | 2,42 |
| Canarias | 4,27 |
| Cantabria | 8,89 |
| Castela-León | 14,13 |
| Castela-Mancha | 7,52 |
| Catalunya | 10,31 |
| Com. Valenciana | 10,94 |
| Galiza | 4,78 |
| Madrid | 7,89 |
| Murcia | 11,18 |
| Nafarroa | 14,4 |
| Euzkadi | 9,88 |
| Rioja | 10,42 |
| Estado | 9,8 |





A política liberalizadora do mercado do solo e da vivenda, a rebaixa na porcentaxe de edificabilidade destinada a Vivenda Protexida, plasmada na Lei 8/2012 de vivenda de Galiza, o abandono do IGVS das políticas de construción de vivenda protexida e a baixísima execución, ano tras ano, dos orzamentos destinados a vivenda, tradúcense nun mercado no que pouco máis do 4% do total de vivendas son protexidas, menos da metade da media estatal.

E isto non é algo accidental, casual ou puntual, senón que a evolución estatística demostra e evidencia a decisión da Xunta e do Partido Popular de acabar coa vivenda protexida. Os datos relativos ao número de vivendas iniciadas e a súa porcentaxe sobre o total, no período de goberno de Feijóo son dabondo elocuentes.

Táboa 2

| VIVENDA PROTEXIDA E LIBRE | | VIVENDAS INICIADAS | | | |
|---------------------------|--------|--------------------|--------|-------------|--|
| | | Vivendas iniciadas | | | |
| España | Total | Protexidas | Libres | % Protexida | |
| 2009 | 159286 | 79056 | 80230 | 49,63 | |
| 2010 | 123616 | 60526 | 63090 | 48,96 | |
| 2011 | 86252 | 34296 | 51956 | 39,76 | |
| 2012 | 52060 | 17480 | 34580 | 33,58 | |
| 2013 | 35721 | 6489 | 29232 | 18,17 | |
| 2014 | 38018 | 5898 | 32120 | 15,51 | |
| 2015 | 50565 | 5306 | 45259 | 10,49 | |
| 2016 | 64766 | 6787 | 57979 | 10,48 | |
| GALIZA | | Vivendas iniciadas | | | |
| GALIZA | Total | Protexidas | Libres | % Protexida | |
| 2009 | 7397 | 1146 | 6251 | 15,49 | |
| 2010 | 7037 | 2965 | 4072 | 42,13 | |
| 2011 | 4395 | 942 | 3453 | 21,43 | |
| 2012 | 3053 | 438 | 2615 | 14,35 | |
| 2013 | 1831 | 107 | 1724 | 5,84 | |
| 2014 | 1521 | 141 | 1380 | 9,27 | |
| 2015 | 1677 | 5 | 1672 | 0,30 | |
| 2016 | 2147 | 4 | 2143 | 0,19 | |





En 2015 e 2016 iniciáronse en Galiza 5 e 4 vivendas respectivamente, que representaron o 0,30% e 0,19 % do total das iniciadas, entre 35 e 50 veces menos que na media do Estado, onde se iniciou neses mesmos anos un 10,49 % e un 10,48% de vivenda protexida sobre o total.

Son unhas cifras escandalosas que se suman a unha paupérrima construción de vivenda de promoción pública por parte da Xunta de Galicia, unha política de abandono que se fixo efectiva durante os peores anos da crise, onde houbo miles de desafiuzamentos e cando a xente expulsada dos seus fogares que non tivo o apoio da Xunta e dun solvente parque público de vivenda.

Hai que lembrar que, en 2017, volveron incrementarse, segundo os datos do CXPX, os desafiuzamentos en Galiza e segue habendo grandes dificultade de acceso a unha vivenda para amplas capas da poboación. Unha situación de desprotección dun dereito básico «que non se solucionará si non se mudan as políticas que vén mantendo a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Como valora o Goberno galego a estatística sobre vivenda protexida en Galiza dende o ano 2009?
- 2) Contempla algún cambio substancial nas políticas de vivenda protexida en Galiza?
- 3) Considera que a rebaixa da reserva de solo que permitiu a Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza tivo efectos positivos?





4) Pensa modificar este aspecto para cumprir cando menos coas porcentaxes establecidas na Lei estatal de vivenda , RDL 7/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, do 30% como mínimo?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 10:04:06

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 10:04:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Antón Sánchez García, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

O Consello da Xunta vén de aprobar un anteproxecto de lei de rehabilitación e rexeneración urbana que recorta de maneira significativa as obrigas de control da Dirección Xeral de Patrimonio, tanto nas reconstrucións como nas restauracións dos edificios. Se sae adiante, os únicos inmobles que precisarán o permiso previo do departamento de Patrimonio para efectuar obras serán aqueles declarados Bens de Interese Cultural (BICs). No resto dos casos, bastará coa licenza municipal. Desta maneira, asistiremos a situacións paradoxais, xa que os edificios que sexan BICs contarán coa protección extra de Patrimonio, pero os inmobles que non sexan BICs, situados en cascos históricos que si sexan BICs, non, polo que os edificios BICs estarán máis controlados que os cascos históricos BICs, algo que non ten ningunha lóxica.

Eliminar o control extra de Patrimonio nos inmobles que non sexan BICs, facilitará o uso discrecional de materiais, a modificación do propiedade horizontal, unir vivendas en edificios diferentes, agrupar locais comerciais, autorizar que un mesmo portal sexa o acceso a varias construcións, levar a cabo cambios de cuberta e actuacións en carpinterías exteriores e fachadas, etcétera. Non fai falla subliñar que este tipo de obras poderían mudar a faciana dos espazos declarados BICs, polo que non se entende que reciban unha menor atención que os inmobles declarados BICs individualmente.



Segundo o Presidente da Xunta, a medida tómase para incentivar a rehabilitación e a rexeneración de milleiros de inmobles en mal estado que non son reparados por mor das esixencias actuais que impón a administración autonómica. O argumento é falaz, porque supón que a única solución para motivar aos donos e donas de vivendas para que reparen os edificios é eliminar os controis de Patrimonio, e non considera, nin sequera, a posibilidade de destinar máis recursos para axilizar os trámites do departamento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que a Xunta de Galicia considera que os edificios considerados BICs merecen maior protección que as zonas consideradas BICs? Por que protexe máis aos primeiros que aos segundos?
- Pensa destinar máis recursos a Patrimonio para que poida axilizar as súas labores ou limitarse a recortar as súas competencias, co conseguinte risco para as zonas que son BICs?
- Que sucede co patrimonio arqueolóxico se a tramitación non pasa por patrimonio, queda desprotexido?
- Que ocorre co interior dos edificios que non están declarados BIC pero conservan decoracións interiores, ou características estruturais de interese?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Ánxeles Cuña Bóveda



Luca Chao Pérez

Antón Sánchez García

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 14/01/2019 09:41:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 09:41:12

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 09:41:19

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 09:41:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputada e deputados do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

O dereito á vivenda afronta unha nova ameaza no territorio galego, a burbulla do aluguer. Arrendar un piso é cada día máis caro e esixe maiores sacrificios á cidadanía, sobre todo nas sete cidades e nas vilas intermedias do eixo atlántico, porque é alí onde se concentra a maior actividade económica. A maior tendencia ao aluguer débese, en parte, a un cambio de mentalidade provocado pola última burbulla inmobiliaria, pero tamén á diminución da capacidade adquisitiva, á maior reticencia dos bancos a conceder hipotecas e ao aumento da mobilidade laboral derivado da precarización do emprego.

Entre as razóns que explican a subida dos prezos do aluguer, cómpre sinalar a diminución do número de inmobles destinados a arrendamento ordinario, xa que cada vez son máis os propietarios e propietarias que prefiren alugar as vivendas só a turistas a través de plataformas como Airbnb.

No último ano, os alugueres subiron en Galicia preto dun 8%, situándose na contorna do 5,7 euros por metro cadrado, unha subida que supera amplamente a dos salarios. Segundo o INE, a subida dos alugueres triplica a das nóminas. Nalgunhas cidades a situación é aínda peor. En Vigo os alugueres subiron un





14%. Na Coruña, o 13%. No resto das cidades, supera o 10%. Pero o crecemento dos salarios foi de aproximadamente o 3%.

Así, Vigo é a cidade que sofre os prezos máis altos, con alugueres que, en febreiro de este ano, eran de 8,5 euros por metro cadrado. Síguela A Coruña, con 7,6 euros, Santiago, con 7, Pontevedra, con 5,8, Ourense, con 5,2, e Lugo con 5. Fóra das sete cidades atopamos vilas onde a situación é aínda peor, como Sanxenxo, onde o prezo dispárase ata os 11 euros por metro cadrado.

A subida dos prezos do aluguer explícase polo aumento da demanda e a diminución da oferta. Nos municipios de menos de 20.000 habitantes aínda hai pisos dabondo e os prezos permanecen estables, pero nos concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes a demanda de alugueres disparouse nos último nove anos (pasou dun 7,8% a máis dun 14%). O aumento do aluguer foi tan drástico que nun so ano pasou de haber 7.000 inmobles dispoñibles a 4.200.

Como resultado do aumento dos prezos, as familias galegas cada vez teñen que dedicar unha maior porcentaxe dos seus ingresos a pagar o aluguer. O 36% dedica entre o 10% e o 20% do que gaña, pero é que o 25% dedica máis do 30%.

O escenario é complexo pero pode complicarse aínda máis o presenta ano, xa que van vencer moitos contratos e os propietarios van ter liberdade para poñelos no mercado tras revisar os prezos á alza.

A subida do prezo dos alugueres non afecta só aos residentes, senón que compromete tamén a continuidade do comercio tradicional. Por unha banda, a contía das novas rendas diminúe a capacidade adquisitiva de moitas familias. Por outra, as novas dinámicas de turismo e xentrificación están modificando tanto os obxectos como os modos de consumo.





Así, moitas tendas estanse vendo na obriga de botar o peche e no seu lugar están aparecendo franquías. O comercio local e de proximidade está sendo desprazado pola presión das grandes compañías.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que impacto estima a Xunta de Galicia que está tendo a subida dos prezos do aluguer no comercio tradicional?
- Asume que a subida dos alugueres prexudica ao comercio local e de proximidade?
- Pensa facer algo para protexelo fronte ao empuxe das multinacionais?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Julia Torregrosa Sañudo na data 14/01/2019 10:10:22

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 10:10:35

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 10:10:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Defensor do Pobo vén de sacarlle as cores (outra vez) ás consellerías de Economía e Industria, e de Medio Ambiente, así como á Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), por non cumprir coas súas obrigas no que respecta ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras. Nun escrito do 18 de maio do ano pasado, relativo a unha queixa recibida na súa oficina, o Defensor recrimínalle á Consellería de Economía que a información que remite “no acredita el correcto ejercicio de las potestades que tiene atribuidas por el ordenamiento jurídico para garantizar que la minería se desarrolle de forma sostenible y con respeto al medio ambiente”. A súa opacidade é subliñada polo texto: “La Consejería no informa con suficiente detalle sobre los resultados de las inspecciones practicadas en relación con el daño ambiental causado, ni del cumplimiento por los operadores de las obligaciones ambientales impuestas; ni tampoco sobre la suficiencia de las garantías prestadas para acometer la restauración ambiental, ni sobre las actuaciones realizadas o en curso para reparar dicho daño, ni de las explotaciones abandonadas”. O escrito tamén lembra que “[la] normativa minera regula numerosas cuestiones de carácter ambiental que deben ser aplicadas y controladas principalmente por la Consejería de Economía”. A dita Consellería correspóndelle a “comprobación de que la entidad explotadora ha adoptado todas las medidas necesarias para prevenir o reducir en lo posible cualquier efecto negativo sobre el medio ambiente y sobre la salud de las personas derivado de la investigación y aprovechamiento de recursos





minerales. Dichas medidas incluyen la gestión de los residuos mineros y de todas las instalaciones de residuos también con posterioridad a su cierre, así como la prevención de accidentes graves que puedan ocurrir en las instalaciones, y la limitación de sus consecuencias para el medio ambiente y la salud humana”.

No que atinxe á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Defensor do Pobo di que “se deduce que no conoce con precisión el estado de las explotaciones mineras en la zona objeto de queja y su afección al medio ambiente, pese a las facultades que la Ley de protección del medio ambiente de Galicia le atribuye. Sin perjuicio de las que corresponden al órgano sustantivo, la Consejería de Medio Ambiente debe actuar para corregir la situación descrita, recabando información e incluso denunciando actos y exigiendo el cumplimiento de las leyes, tanto si existe pronunciamiento ambiental previo formalizado o no”. Con estas palabras, o Defensor do Pobo constata que as consellerías de Economía e Medio ambiente, lonxe de atender ás súas funcións, que esixen, entre outras cousas, o respecto polo medio ambiente e o coidado dos recursos naturais, limitáronse a deixarlle facer ás empresas amigas para beneficio duns poucos e prexuízo da maioría social.

O desleixo intencionado da Confederación Hidrográfica tamén é mencionado polo Defensor: “Respecto a esa Confederación Hidrográfica, el Defensor del Pueblo ha apreciado un retraso, en ocasiones de más de cuatro años, en la comprobación del cumplimiento de las obligaciones de restauración de los daños y perjuicios producidos al dominio público hidráulico en la zona explotada por las pizarreras”. A dilación inescusable no cumprimento dos seus deberes só pode interpretarse como o froito dunha vontade de que as cousas sigan igual, supoña iso o que supoña para a contorna natural.

Por último, o Defensor do Pobo remata a parte expositiva do escrito lembrado que as actividades extractivas teñen que estar suxeitas a un control rigoroso e





continuo, xa que é moito máis custoso, en termos económicos, pero tamén de esforzo, reparar que previr: “El ejercicio sostenible de la actividad minera no consiste exclusivamente en reparar el daño ambiental causado, sino sobre todo lograr: a) que la actividad extractiva se desarrolle de forma compatible con el entorno, lo cual no ocurre si se desecan cauces, contaminan ríos, se dañan los hábitat y se realizan depósitos de residuos incontrolados y b) prevenir el daño mediante la adopción de medidas que se aplican no solo cuando la actividad finaliza sino durante su desarrollo; c) la correcta supervisión de que estas medidas se adoptan, en este caso, por las tres administraciones intervinientes, todas con competencias para inspeccionar y sancionar.

Una vez producido el daño ambiental, la Administración suele encontrar graves dificultades para repararlo: la imposibilidad de localizar a los responsables, o la insolvencia de estos; la prescripción de las infracciones o la caducidad de los procedimientos sancionadores; los problemas económicos y de desempleo que atraviesa determinado sector; las políticas de restricción presupuestaria, etcétera.”. Tendo en conta a magnitude do problema, o Defensor do Pobo conclúe que o desafío ambiental “no parece que pueda atenderse con actuaciones aisladas por cada una de las administraciones competentes. Es necesaria la actuación conjunta de las administraciones minera (la principal responsable del control de la actividad extractiva), ambiental e hidráulica para evaluar conjuntamente el alcance del problema ambiental existente y ordenar las actuaciones que deban acometerse para la reparación del daño”.

O Defensor do Pobo volveu sobre todo isto no seu último informe anual, no que di que “[en] el caso de las actividades extractivas en el valle de Valdeorras se han dirigido varias resoluciones a la Consejería de Economía y Medio Ambiente de la Xunta de Galicia y a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, para que evalúen los efectos sobre el medio ambiente de la actividad extractiva incluídas las afecciones al dominio público hidráulico, decidan las medidas correctoras que





deban adoptarse e identifiquen al responsable de su adopción. De la información recibida se deduce que las administraciones no conocen con precisión el estado de las explotaciones mineras en una zona donde se han desecado cauces, contaminado ríos, y realizado depósitos de residuos incontrolados”.

Non é a primeira vez que o Defensor do Pobo lle dedica unha crítica severa á labor da Xunta de Galicia. No ano 2015 sinalou as súas eivas na xestión das minas de lousa de Valdeorras e da mina de cobre de Touro, que xa daquela daba mostras da súa capacidade contaminante. A entón Defensora, alertou do desleixo das diferentes consellerías en materia de respecto polo medio ambiente e das súas posibles consecuencias para o entorno se todo seguía igual, como de feito seguiu.

A Xunta non pode volver a cometer exactamente o mesmo erro; non pode ignorar de novo as advertencias fundadas do Defensor do Pobo. Cómpre que medite ben os seus consellos e actúe en base a eles.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Que opinión lle merece ao Goberno da Xunta a análise que fai o Defensor do Pobo da xestión política que se fixo das canteiras de lousa da comarca de Valdeorras?
- Por que non fixo caso ao Defensor do Pobo cando se pronunciou no mesmo sentido no ano 2015?
- Pensa facer algo para mudar o rumbo o vai insistir nas políticas contrarias á contorna natural sinaladas polo Defensor do Pobo?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 09:56:34

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 09:56:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a.

O Partido Popular leva anos apostando polo desmantelamento do ferrocarril tradicional. Así, non é de estrañar que en apenas cinco anos o tren que realiza o traxecto A Coruña-Ferrol perda un 43% dos seus usuarios. A tendencia é clara dende o 2013, ano no que comezou o descenso de viaxeiros e viaxeiras. De feito, podemos observar un curioso contraste arredor desta data. Dende o 2005 ata o 2012 o número total de usuarios era de case 100.000. A partir de entón e ata o ano 2016, a cifra caeu ata aproximadamente a metade.

O Partido Popular aplicou a tesoirá ao ferrocarril no ano 2013, o que supuxo o peche de 30 estacións e apeadeiros e a supresión de frecuencias en moitas liñas. Nesas datas, retiráronse 20 trens semanais entre Ferrol e A Coruña e pecháronse os apeadoiros de Franza, en Fene, e de Paderne. Neda, Barallobre, Cecebre e Cambre tiveron que conformarse dende entón cun único servizo.

A diminución de viaxeiros e viaxeiras afectou a tódalas estacións, dende A Coruña, O Burgo, Elviña.... ata Ferrolterra, aínda que algunhas o sufriron máis que outras. Cambre e Neda, por exemplo, viron descender o seu número de usuarios nun 85%, pasando dos 1.500 e os 1.000 viaxeiros anuais aos 200.

A isto hai que sumar o agravio histórico que supón o feito de que Galicia sexa a única comunidade litoral que non conta cun tren de proximidade, malia ter un





espazo apropiado para desenvolvelo. Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Murcia e Andalucía si dispoñen deste servizo, que supón un menor gasto para os seus usuarios e usuarias, comparado co custe dos servizos rexionais ou de media distancia galegos, e, ademais, ofrece máis frecuencias e está máis protexido fronte aos recortes do Estado central. Porén, non hai ningún plan sobre a mesa para corrixir este déficit.

Con este panorama, é urxente inverter a orde de prioridades no que respecta aos investimentos ferroviarios. Na actualidade, o ferrocarril convencional recibe o 30% da financiación pública, mentres que a alta velocidade acapara o 70% das axudas, sen importar que máis do 95% dos usuarios e usuarias continúan optando polo tren tradicional. Isto débese a que as política públicas de infraestruturas e transporte dos gobernos do Partido Popular non están orientadas á cidadanía e á vertebración do territorio, senón a inflar a burbulla dos macro-proxectos para favorecer as contas de resultados das empresas amigas. Isto ten que mudar de inmediato.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A que atribúe a Xunta de Galicia o descenso de viaxeiros e viaxeiras da liña A Coruña-Ferrol?
- Que avaliación fai do estado da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña?
- Que ten feito a Xunta de Galicia diante do abandono desta liña por parte do Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 09:49:54

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 09:50:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o futuro da escola unitaria de Pedroso e as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir o seu mantemento.

O CRA de Narón agrupa, actualmente, catro escolas rurais das que a Xunta de Galiza pechou unha, a de Pedroso argumentando que non contou con matrícula suficiente para o seu mantemento.

O pasado ano 2018, as familias de Pedroso solicitaron á Consellaría de Educación que permitise cursar o primeiro curso de Primaria nesta escola unitaria para garantir a súa continuidade apoiándose na realidade que existe noutros Centros Rurais Agrupados do país.

Desde o Grupo parlamentar BNG trasladamos ao Parlamento as demandas das familias cunha iniciativa na que reclamamos a implantación do primeiro curso de Primaria na escola unitaria de Pedroso para garantir o mantemento do servizo no curso 2018/2019 así como aplicar unha moratoria ao peche de centros de ensino e abrir un espazo de diálogo coa Rede galega de Educación e Desenvolvemento Rural para abordar as medidas que serán precisas adoptar co obxectivo de garantir a prestación de servizos necesarios no rural, nomeadamente educativos, e os criterios que rexan a xestión dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Partido Popular rexeitou as propostas.

As familias continúan a dar a batalla pola escola unitaria de Pedroso e confirman que para o curso vindeiro 2019/2020 o centro contaría con alumnado suficiente para, dentro das ratios establecidas pola Consellaría de Educación, garantir a súa reapertura.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Vai permitir a Xunta de Galiza que a escola unitaria de Pedroso poida ofertar a súa matrícula para o curso 2019-2020 no CRA de Narón?
2. Neste senso, permitirá o Goberno galego realizar a preinscrición de matrícula dentro do CRA?
3. Comprométese o Goberno galego a reabrir a escola unitaria de Pedroso en Narón se hai matrícula suficiente?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 11:11:04

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 11:11:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 11:11:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 11:11:12

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 11:11:13

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 11:11:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 4.^a**

En rolda de prensa dada o 11 de setembro do 2018, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e o director da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo, sinalaron a necesidade de acometer un peche provisional do espazo onde se atopa o Pórtico da Gloria pola execución das obras de restauración dos paramentos interiores e das bóvedas da Catedral.

O 5 de outubro a [Fundación da Catedral anunciou un profundo cambio na concepción mesma do Pórtico da Gloria](#): a partir do 2 de xaneiro do 2019, esta obra senlleira do patrimonio galego e mundial pasaría a estar illada DE FORMA PERMANENTE do resto da catedral, e integrada no Museo catedralicio, como un elemento individualizado de visita, para acceder ao cal se deberá aboar a cantidade ordinaria de 10 euros por persoa.

A xustificación deste cambio facíase así:

“O plan de conservación preventiva, en proceso de redacción definitiva e elevarase á Xunta de Galicia, esixe unhas especiais condicións na contorna do Pórtico da Gloria para preservar o conxunto e evitar o deterioro irreversible dunha obra mestra da arte universal.

Estas especiais condicións de conservación esixen o mantemento dunha contorna ambiental estable, que hai que garantir, e a regulación do aforamento, que ten que ser necesariamente restrinxido a 25 persoas no nártex. Tamén é preciso dotar os medios humanos para evitar o contacto coa obra, coidar a iluminación para que non se dane a policromía e realizar un mantemento continuado;





tarefas, todas elas, que esixirán o reforzo dos equipos técnicos e facultativos da Fundación Catedral de Santiago.

Doutra banda, como se comentou en diversas ocasións, nos próximos meses levaranse a cabo tarefas de restauración no interior da catedral que obrigarán a separar a contorna do Pórtico da Gloria do resto da nave para impedir que as obras afecten o conxunto restaurado. Por este motivo, o acceso deberá realizarse por o Pazo de Xelmírez, de forma que o Pórtico da Gloria quedará incluído nos espazos do Museo Catedral, ente a través do cal se organizarán visitas guiadas, a cargo de persoal especializado, en grupos que non superarán as 25 persoas. Os visitantes realizarán un percorrido polas salas do Museo dedicadas ao Mestre Mateo, o que posibilitará que reciban información sobre o seu proxecto e a súa obra; culminando no Pórtico da Gloria, onde se detallarán os seus valores histórico-artísticos, mensaxe iconográfico, significación e proceso de restauración. Desta maneira trátase de facilitar unha mellor interpretación e goce da obra, como prescriben as normas internacionais para os bens patrimoniais que esixen un coidado especial”.

Dada a natureza e significado senlleiros do Pórtico da Gloria, e a profunda repercusión que este novo sistema ten no acceso da cidadanía a unha das obras mestras da nosa cultura, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a:

- 1.- Que medidas vai levar a cabo a Xunta para garantir que toda a cidadanía galega desfrute e coñeza ó Pórtico da Gloria?
- 2.- Que pensa facer para cumprir o artigo 5 da Lei 5/2016? Cre a Xunta que 10 euros é un prezo asequible para toda a poboación de Galicia?
- 3.- Como se tarificou este acceso e en canto a que informes?
- 4.- Pensa a Xunta que 6 horas á semana de gratuidade son abundas para o acceso da cidadanía galega en xeral?



5.- Por que se limita desde a Xunta o acceso á cultura?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea
Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/01/2019 11:08:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 11:08:46

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:08:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ao incremento das contías económicas e do público albo das axudas periódicas.

O día 7 de agosto de 2007 publicábase no Diario Oficial de Galiza o texto da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, unha lei pioneira que saíu adiante grazas ao necesario debate e consenso político arredor dun problema que debe ser central na sociedade nas institucións políticas, a violencia machista. Nesta recollíanse un amplo abano de *“medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda.”* que foron evoluíndo durante estes anos, nos que o movemento feminista conseguiu dar meirande visibilidade e importancia a esta cuestión.

Este texto legal recolle no seu *Artigo 3.-Formas de violencia de xénero*, no apartado c) a Violencia económica descrita da seguinte maneira *“que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.”* Así mesmo, nos principios xerais que rexen a lei recóllese que *“As administracións públicas procurarán en todo*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento que as mulleres teñan garantida a súa integridade psicolóxica e a súa autonomía social e económica a través dos recursos axeitados. ” como un dos elementos centrais para saír da espiral de violencia e para evitar a revitimización. Así mesmo, incluíase na citada lei o artigo 35, no que se prevían medidas “*Co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren violencia de xénero*” prevendo para tal efecto, entre outras, axudas económicas nos cursos de formación ocupacional.

Estas cuestións dan idea da importancia que ten todo o referido ao aspecto económico para abordar o tratamento integral e efectivo da violencia machista. Máis aínda, tendo en conta a discriminación estrutural da muller no ámbito laboral, é menester arbitrar medidas que garantan a autonomía económica das vítimas, como aspecto imprescindible para superaren esta violencia.

Como ferramenta para intervir neste ámbito, no *Capítulo V* recóllense *Medidas de carácter económico* e a lei, no seu texto orixinal, recollía no Artigo 39 o seguinte:

Artigo 39.-Prestacións periódicas.

1. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, establecerá unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia.

2. Esta prestación aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas no artigo 5 desta lei, e será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

O ano pasado, o Goberno da Xunta pechou varios centros en O Porriño, Ribadavia, As Pontes e Outes, confiando en que a calma chicha do verán ocultase o seu novo recorte ao ensino. Non foi así. O conxunto da comunidade educativa opúxose á súa decisión por considerala unha nova agresión á educación pública. Porén, isto non impediu que a Consellería de Educación, comandada (aínda) por Román Rodríguez, fulminase finalmente os centros, estafando ás familias –que xa decidiran un lugar de estudo para os seus fillos– e vulnerando os dereitos laborais dos profesores –que non souberon ata o último momento que tiñan que cambiar de destino–.

A comezo de curso, o Partido Popular acometeu un novo recorte á educación pública, atacando ao elo da cadea máis feble: as escolas unitarias cuxo cometido é o de garantir unha formación próxima e de calidade aos rapaces e rapazas que habitan espazos baleirados polo desleixo do Goberno.

A Consellería de Educación resolveu pechar a Escola de Educación Infantil de Apeadeiro, no concello coruñés de Cambre, e a de Solbeira, en Paderme de





Allariz, Ourense, alegando que non contan cun número suficiente de alumnos, xa que en cada un dos centros so hai matriculados tres rapaces e rapazas. A Consellería decidiu, así mesmo, suprimir 74 unidades en centros escolares de educación infantil, primaria e especial, e anular 19 clases que foran habilitadas para afrontar subas do número de alumnado.

Pola súa banda, a escola unitaria de Sada atópase nunha situación de incerteza. A Consellería de Educación comunicou onte (4/12/2018) ás familias a súa intención de pechar a escola de Carnoedo e trasladar ás alumnas ao colexio de Mondego á volta de vacacións de Nadal. Outra vez aproveitando o período de lecer. A decisión da Xunta colleu ás familias e ao Concello por sorpresa. É certo que a matrícula deste curso é moi reducida, pero argumenta que a Xunta autorizou que se iniciase o curso nestas condicións e apela aos trastornos que se derivarán do traslado dos cativos a estas alturas.

O alcalde de Sada púxose en contacto cos responsables de Educación para esixir explicacións polo posible peche. O rexedor manifestou o rexeitamento do Goberno local á decisión autonómica e solicitou o apoio de todos os grupos da Corporación para manter aberta a unitaria ata xuño e adoptar as medidas que correspondan en función das matrículas do vindeiro curso.

Malia todo, aínda non está claro que a actividade do centro vaia ter continuidade. Por este motivo, Sada, pais e nais dos alumnos e alumnas matriculados decidiron manifestarse coa intención de que non se peche a escola de Carnoedo demandando unha resposta positiva por parte da Xunta. A escola continuará aberta?

O peche das escolas unitarias reviste especial gravidade porque contribúe a precarizar, aínda máis, os servizos públicos aos que ten acceso a cidadanía,





dificultando que esta poida desenvolver proxectos de futuro e comprometendo a posibilidade de fixar ao territorio a nosa cada vez máis minguante poboación. O peche das escolas unitarias non afecta só aos rapaces e rapazas; non afecta só as súas familias, que terán que buscar novas maneiras de organizar as súas rotinas; afecta ao modelo de país que queremos. Ao recortar en educación, o Partido Popular compromete o futuro do noso territorio e insiste na expulsión das novas xeracións. Isto é algo que non nos podemos permitir.

Vimos de coñecer que a natalidade en Galicia acadou mínimos históricos o pasado ano. Os 18.312 nacementos do ano pasado supoñen a cifra máis baixa dende que existe rexistros históricos. O número descendeu un 4% respecto do exercicio anterior. Fronte a isto, contabilizáronse un total de 31.600 defuncións.

Os nacementos concéntranse sobre todo nos concellos próximos as capitais y principais cidades do eixo atlántico, o que significa que o interior rural de Galicia continúa esmorecendo. Mentres que en Pontevedra e A Coruña houbo, respectivamente, 6.876 e 7.689 nacementos, en Ourense e Lugo só se produciron 1.683 e 2.064 partos.

Isto non sucede por casualidade. Galicia mingua porque as políticas do Partido Popular son incapaces de garantirlles ás familias as condicións mínimas para asentarse e desfrutar dunha vida digna. Para revertir o devalo demográfico é prioritario investir nos servizos públicos, e, moi especialmente, na educación. Ningunha parella vai decantarse por formar unha familia se non ten xeito de educar as súas crianzas sen que iso desbarate por completo as súas vidas.

É por iso que, mentres haxa rapaces e rapazas, ningunha escola unitaria debería pechar, xa que ademais de cumprir a función educativa que lles corresponde, reforzan a continuidade da poboación local. Se unha parella sabe que vai ter





asegurada a educación dos seus fillos e fillas na contorna próxima, é moito máis probable que se decante por permanecer no lugar que se o acceso á educación pública depende de se o resto da veciñanza decide formar familias no mesmo período.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Vai manter aberta A Xunta de Galicia a escola unitaria de Carnoedo, en Sada?
- 2.^a) Se non é así, por que non?
- 3.^a) Por que ignora o feito de que a escola aínda que conta co número inferior de inscritos requirido polo propio Goberno, no futuro incrementará o seu alumnado?
- 4.^a) Por que se comunica ás familias de maneira súbita cando a Consellería non só autorizou que se iniciase o curso senón que se desenvolvese durante este primeiro trimestre?
- 5.^a) É consciente a Consellería do trastorno que causaría ás familias, alumnas e profesorado?
- 6.^a) Que é o que está barallando o Goberno?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 13:30:35

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 13:30:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

De todas e todos é ben coñecida a Historia da Fortaleza-pazo da Acrópole de Monterrei. É unha das máis grandes, significativas e mellor conservadas de Galicia. Consta no catálogo de Monumentos do patrimonio histórico de España.

Nel imprimiuse o primeiro Incunable de Galicia, O Misal Auriense de Monterrei (1494). Está considerada monumento Nacional, é BIC dende 1931, e goza da máxima protección. Fundado no século XII, o edificio converteuse en hotel debido a unha decisión da Xunta, desoíndo o rexeitamento do Consello da Cultura Galega, Usos do castelo de Monterrei. "Cremos que debe revisarse o destino para un uso hoteleiro dunha parte do actual edificio do Castelo dado que xa existe un edificio destinado a este uso a 400 metros do mesmo e que ten problemas de sostemento". Era unha das conclusións do informe de outubro de 2014. Ademais de cuestionar o proxecto hoteleiro defendido polo Goberno galego, pediu un "proceso de reflexión consensuado cos axentes implicados", entre eles a veciñanza do lugar.

Pertenceu á Casa de Aba, quen o cedeu ao Ministerio de Cultura para uso público. Pero o 28 de maio de 2015 o Castelo de Monterrei fíxose unha cesión gratuíta (pola Xunta de Galicia) a Paradores de Turismo S.A. por un tempo de 75 anos para a explotación hoteleira, entre as protestas das Plataforma de defensa do Castelo de Monterrei e outras entidades.





Nela investíronse moitos cartos públicos. Desde os anos 60, máis de catro millóns de euros. Desde os anos 90 máis de tres millóns e medio e moito máis xa entrados no século XXI. Moitos investimentos realizáronse grazas aos fondos FEDER que non se conceden precisamente para reformar as instalacións e despois deixar de ter un uso público.

A comezos deste ano 2018 o parador pechou as súas portas e comezaron as obras da calzada, que ten un importante valor patrimonial tamén e que conecta co propio Castelo. Pese ás demandas a propia empresa non concretou as causas, duración e motivos do peche do Castelo.

O TSXG considerou ilegais as obras e o Tribunal Supremo ratificou no mes de xuño deste ano unha sentenza precedente da Audiencia Nacional de 22 de febreiro de 2016 na que se estima que non houbo irregularidades. O recurso de casación interposto pola Plataforma para a defensa do Castelo de Monterrei centrou a motivación no desvío de poder da decisión do Goberno da Xunta de ampliar para fins turísticos as condicións de cesión do Castelo realizada polo Goberno central, que foi desestimada. A decisión do Supremo ratificou esta valoración da Audiencia Nacional e condenou aos recorrentes a pagar as costas, xa que non se acreditou que a actuación que se impugnaba, a ampliación perseguira unha finalidade diferente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

1.ª) Ten pensado o Goberno galego permitir o uso turístico, cultural e artístico da Fortaleza do Castelo de Monterrei para xeracións futuras?





2.ª) Como vai poñer en valor a Fortaleza do Castelo de Monterrei, garantindo e preservando a mesma, segundo o disposto na Lei de Patrimonio cultural de Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 11:19:05

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:19:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á conciliación familiar-estudiantil

Os coidados non remunerados afastan a unha gran cantidade de mulleres da carreira laboral. Segundo os últimos datos da OIT, un 25,1% alegan este motivo, fronte a un escaso 2,6% no caso dos homes. E da académica? Que sucede cando unha muller se converte en nai no medio dos seus estudos obrigatorios ou post-obrigatorios? Nin no IGE, nin na secretaría xeral de Igualdade, nin na Consellería de ensino, mais tampouco nas fontes estatísticas de carácter estatal, atopamos datos sobre estes motivos.

Segundo as investigadoras da Universidade de Valencia, Amparo Alonso, Marcos Jesús Iglesias e Inés Lozano, a conciliación estudiantil-familiar require propostas concretas por parte das administracións que, a día de hoxe, non teñen contemplado esta necesidade.

Segundo a súa investigación, “o colectivo de estudantes con responsabilidades familiares e en estado de xestación, aínda que poida ser unha minoría, xa resulta significativo e vai en aumento”. Un dos motivos estaría no feito de que dende a crise se incrementara a idade de acceso á educación superior.

Deste xeito, segundo os datos do Ministerio de Educación, nos últimos cinco cursos desde 2007-2008 a poboación universitaria de 18 a 24 anos aumenta un





13,7%, mentres que a de máis de 30, un 18,4%. é dicir, que a chegada á universidade non é soamente directa dende o instituto senón que temos cada vez máis estudantes que chegan ás aulas universitarias tras experiencias laborais, desemprego, etc, en momentos vitais claramente diferentes.

Porén, a día de hoxe, a lexislación non acompaña esta multiplicidade de realidades, nin a posibilidade da maternidade nin as ausencias por coidados asumidos maioritariamente por mulleres. Aínda que o Estatuto do Estudante Universitario fala dunha “atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar”, non concreta nada e non hai medidas concretas aplicadas nas nosas universidades.

Como tampouco hai medidas concretas na lexislación galega. Salvo a mención realizada no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación sobre a atención educativa a mozas embarazadas.

1. A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas exixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.

2. Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous





anos seguintes ao parto, nos termos que establece a consellería con competencias en materia de educación.

3. A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

Un artigo centrado na mocidade e que ignora a devandita multiplicidade de realidades que podemos ter nas aulas galegas e que tampouco é quen de establecer medidas concretas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas ten aplicado o Goberno galego para facilitar a conciliación estudantil-familiar?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 13:37:02

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 13:37:06

Paula Quinteiro Araújo na data 14/01/2019 13:37:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa á asistencia ás illas Ons.

A saturación de visitantes en espazos especialmente sensibles do noso país veñen ocupando numerosas noticias no último ano. Se no pasado verán destacou o caso da saturación das Illas Cíes e os incumprimentos das navieiras respecto ao número de viaxeiros fixados cada día, logo a praia das Catedrais, finalmente, este último verán saltaron á palestra as denuncias sobre as visitas ás Ons.

Deste xeito, asociacións ecoloxistas como Verdegaiia denunciaron que varias navieiras estarían a desviar un gran número de viaxeiros ás Ons para evitar superar nas Cíes o máximo fixado de 2.200 persoas diarias. Así, a entidade sinala que algúns días Ons estaría recibindo ata 4.000 visitantes, máis do dobre do límite fixado no PRUX (1.800).

A entidade ecoloxista advirte de que este exceso é inasumible por esa illa, onde un estudo da Xunta fixa unha capacidade de carga ecolóxica das súas praias en 896 persoas/día. E advirte que "a maior parte dos visitantes desta illa durante o verán concéntranse nos areais". É dicir, que sería preciso reducir o máximo diario actual.

Gran parte do problema radica na falta de aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional (PRUX), un documento esencial para o correcto funcionamento e protección deste espazo, que permanece conxelado dende o ano 2011 e que acumula case 15 anos de atraso, pois tiña que estar en vigor dende o 3 de xullo de 2003.





Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que datos manexa a Xunta de Galicia sobre o número de visitas diarias a Ons?
- 2.^a) Como realiza o control sobre o número de billetes emitidos polas navieiras?
- 3.^a) Como explica os 15 anos de retraso do Plan Reitor de Uso de Xestión do Parque Nacional?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 12:34:34





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

A necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas é unha obriga para toda a sociedade e, de forma particular, para todas as administracións. Entre as ferramentas das que nos temos dotado desde Galiza salienta a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Se ben o paso de máis dunha década debe facernos reflexionar sobre aqueles aspectos que deben ser mellorados, obriga adoptada polo Parlamento Galego nos traballos para o Pacto Galego contra a violencia machista, tamén o é que debemos ter vixilancia sobre o cumprimento dos aspectos que recolle.

Un ámbito fundamental que deben atender as administracións é o referido ao tratamento das situacións de violencia machista. Un tratamento que debe contemplar múltiples aspectos e no que debe ter un papel importante a atención psicolóxica, tanto no inmediato como para a recuperación e superación por parte das vítimas.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero contempla a atención psicolóxica no seu artigo 25 contempla a asistencia psicolóxica inmediata considerada como un servizo de atención primaria, así como o dereito de gratuidade e tamén o dereito á asistencia para aqueles e aquelas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menores e outras persoas que sufriran violencia machista. Na actualidade, a Xunta de Galiza desenvolve o Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero a través dun convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza. A través desta fórmula ponse a disposición unha rede de profesionais da Psicoloxía que sen dúbida realizan un traballo importantísimo.

Unha década despois do inicio da aplicación da le Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero cómpre avaliar as insuficiencias na súa aplicación co obxecto de dar unha resposta máis integral, completa e eficaz na loita contra unha violencia patriarcal instalada en todos os ámbitos da sociedade e que ano a ano deixan atrás persoas.

Ademais, cómpre facer unha especial revisión da prevención e atención aos casos que implican menores e mocidade e deseñar actuacións específicas ás súas necesidades. Neste camiño, a atención primaria na sanidade é un elo fundamental que cómpre reforzar para garantir a estabilidade profesional, a atención completa ao longo do ano e a proximidade.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cales son as razóns de que unha década despois da aprobación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, haxa varios apartados por desenvolver?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que ten feito o suficiente no referido ao ámbito sanitario?

-Que actuacións ten levado a cabo o goberno galego para dar cumprimento ao artigo 25 da lei 11/2007 que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria na atención á violencia machista?

-Considera que a atención psicolóxica gratuíta e estábel está garantida para as vítimas directas de violencia machista? E para as amizades e familiares das vítimas de violencia machista, que en ocasións non son, erroneamente, consideradas como tal?

-Que avaliación fai a Xunta de Galiza da atención psicolóxica dispoñíbel para as e os menores?

-Como ten pensado combinar a Xunta de Galiza o cumprimento da lei vixente co desmantelamento que está a practicar na Atención Primaria?

-Considera a Xunta de Galiza que existe igual atención psicolóxica para as vítimas con independencia da súa situación xeográfica ou económica?

-Que parte do Orzamento da Consellería de Sanidade e do SERGAS se destina a prevención e loita contra a violencia machista? E aos servizos de psicoloxía para esta cuestión?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 13:48:16

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 13:48:21

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 13:48:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 13:48:23

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 13:48:25

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 13:48:26



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

A concesión dunha parcela portuaria para a implantación dun negocio deportivo no Porto de Vilagarcía en 2013 conlevou unha serie de problemas políticos e de opacidade legal. O proceso polo que un dos poucos espazos baleiros que o Porto de Vilagarcía dispoñía para actividade empresarial no límite cos terreos urbanos fora destinado a este uso, provocou numerosos problemas e acusacións de trato de favor, e de facilitar un desequilibrio competitivo beneficioso para a empresa concesionaria. O devenir da empresa concesionaria e a súa relación anterior co goberno local, que no seu momento facilitou e coordinou coa autoridade portuaria este procedemento, foi tamén motivo de debate público.

Apenas uns anos despois, a concesión da actividade cambiou de xestores. Neste proceso existiron dúbidas sobre as débedas e posibles problemas que o traspaso podía xerar, tanto en termos legais como fiscais e a súa repercusión sobre os novos xestores en canto as débedas coa Autoridade Portuaria que mantiñan os anteriores xestores.

A Xunta de Galicia ten representación na Autoridade Portuaria de Vilagarcía, especialmente a entidade Portos de Galicia a través do seu Presidente quen, preguntado por esta cuestión en sede parlamentaria manifestou que non existían débedas por parte dos antigos xestores, igualmente que a dirección da autoridade portuaria afirmou no seu momento.

Vén de ser coñecido que esta situación non é realmente así, e que existen 60.000€ de débedas, polo que as respostas oficiais da dirección da Autoridade Portuaria de Vilagarcía e do Presidente de Portos de Galicia faltaron á verdade.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como pode explicarse que a Xunta de Galicia obviase unha débeda dun particular coa administración nunha resposta oficial?
2. Existiu intención por parte da Xunta de Galicia de protexer algún procedemento ou particular en especial?
3. Cre a Xunta de Galicia que a dirección do Porto de Vilagarcía actuou correctamente en todo este proceso?
4. Considera Xunta de Galicia que a utilización de espazos desas características no Porto de Vilagarcía é eficiente e responde a criterios de interese público?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/01/2019 13:50:18

María Dolores Toja Suárez na data 14/01/2019 13:50:24

Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2019 13:50:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, sobre a aplicación do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a comunidade ten a competencia exclusiva na promoción e ordenación do turismo. Nese senso cabe entender a necesidade dunha actuación decisiva do goberno galego coa fin de ordenar e garantir a viabilidade deste sector chave da economía galega. Así como na necesidade de garantir a convivencia axeitada nos nosos pobos e cidades.

Neste senso, un dos problemas que máis preocupan nos últimos tempos é o da proliferación de vivendas turísticas ilegais. A problemática asociada a esta actividade ilegal é numerosa. Dunha banda cómpre falar do diñeiro furtado ás arcas públicas toda vez que se tratan de negocios invisibles. Mais tamén se relaciona coa expulsión da poboación autóctona, a carestía dos prezos de alugueiro, e dos servizos, en definitiva, a substitución do uso residencial de certos lugares por un uso turístico pouco sostible.

Ano e medio despois da aprobación do Decreto 12/2017 de 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia semella que este





foi insuficiente para abordar a problemática da proliferación de pisos turísticos ilegais.

Así son moitas, máis de 3000 só na cidade de Santiago de Compostela, as vivendas ilegais que se ofertan cada día neste país.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas vivendas foron regularizadas en Galicia dende a entrada en vigor do devandito decreto?
- 2.^a) Que datos ten o goberno da Xunta sobre vivendas turísticas ilegais?
- 3.^a) Cantas inspeccións se realizaron en Galicia dende que entrou en vigor o decreto? E expedientes sancionadores?
- 4.^a) Tivo o goberno da Xunta algunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas?
- 5.^a) Van facer algo para obrígalos a retirar os anuncios de apartamentos ilegais?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:01:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre o cumprimento da Lei de patrimonio no tocante ao réxime de visitas dos bens de interese cultural.

De acordo coa lexislación vixente, os bens declarados de interese cultural son os que gozan dun maior nivel de protección, aqueles bens e manifestacións inmateriais cun carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma.

A lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu título III regula o seu réxime específico de protección e acceso. Máis especificamente, no artigo 48 establécense as condicións de visita pública, obrigatoria para os bens de interese cultural, segundo o cal:

Artigo 48. Visita pública

1. As persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

Na mesma liña hai que entender a disposición adicional sétima sobre publicidade dos bens de interese cultural e catalogados que di:

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia divulgará, mediante o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, a relación dos bens declarados de interese cultural así como dos catalogados.





Actualmente a propia web da consellería ofrece unha relación de bens de interese cultural. Un documento de excel de 693 rexistros no que se inclúe a denominación, a natureza, a clasificación, a provincia e concello no que se atopa, así como a referencia legal en virtude da que gozan desa consideración. Un sistema de acceso pouco áxil, non accesible para toda a cidadanía e cun nivel informativo escaso. Nada se di sobre os horarios de visita, de xeito que as persoas interesadas en coñecer esta información deben acudir ou ben a fontes secundarias ou, en moitos casos, desprazarse directamente aos diferentes puntos. A realidade, ademais, amosa que en moitos casos a normativa de acceso non se está a cumprir, tendo menos horas e menos días de visita que as que fixa a lei.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Ten constancia o goberno galego dos incumprimentos nos horarios de acceso aos BIC?
- 2.^a) Téñense derivado consecuencias deste coñecemento?
- 3.^a) En cantos casos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:02:43

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 11:02:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Francisco Casal Vidal, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa á afectación do Camiño de Santiago por parte do proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

Un recente informe técnico do Comité Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), organismo asesor da UNESCO en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirmou as graves ameazas contra o trazado do Camiño Francés e a súa axeitada conservación tras unha minuciosa análise do proxecto mineiro e a documentación achegada pola propia empresa promotora Atalaia Mining-Explotacións Galegas S. L.

Dito informe subliña que o proxecto “supón unha clara violación da normativa de protección” que non só invade a contorna do Camiño Francés senón que supón a destrución material de parte do seu trazado, “ contravindo a lexislación -nacional e internacional- vixente na materia”.

Cómpre lembrar que para que un Ben Cultural sexa incluído na Lista de Patrimonio Mundial as administracións responsables da súa custodia deben responsabilizarse dunha estrita preservación do mesmo para que conserve os seus valores de identidade.

Porén, no citado informe, ICOMOS afirma que a actuación das administracións contradi “os compromisos adquiridos polo Estado español ao promover a inscrición do Camiño de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial”. En





particular, o organismo internacional de custodia do patrimonio cultural sinala que “non se tivo en conta a necesidade de previr ao Comité do Patrimonio Mundial respecto a actuación que se pretende realizar”, en alusión ao proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

Tras un detallado estudo do tramo afectado, sinálase unha lista de afeccións negativas que provocaría o proxecto mineiro, que inclúe tanto o deterioro do medio natural inherente ao Camiño de Santiago –que segundo o informe afectaría polo menos a 2,7 millóns de peregrinos durante a duración da actividade extractiva da mina– como a destrución de parte do “itinerario xacobeo protexido” entre Quión e Arca e de parte dos bens culturais asociados ao Camiño. O resultado desas afeccións, sumadas a outras agresións sufridas pola ruta xacobeana nos últimos anos, supón unha “perda continuada dos valores patrimoniais” que pode implicar unha “profunda repercusión pola súa influencia na identidade do propio Camiño”.

En canto a esta perda de identidade, o informe de ICOMOS lembra o seguinte: "No caso da perda dos valores excepcionais polos que foi incluído na Lista do Patrimonio Mundial un Ben Cultural, ou que o Estado parte non solvente os perigos comprobados ou potenciais que afecten o Ben, este pode ser excluído da Lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO"

A FICS, como entidade que agrupa a peregrinos e expertos no Camiño de 27 países, desde o primeiro momento preocupouse pola posible afección deste desproporcionado proxecto ao pé mesmo do Camiño Francés. O informe técnico citado, elaborado polos expertos do organismo de referencia en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirma que estamos ante unha das maiores ameazas á conservación do Camiño de Santiago como ben cultural de valor universal. Por este motivo a FICS, tras reunirse con empresa promotora e plataforma de afectados e despois de levar a cabo estudos sobre o terreo por parte





dos seus propios expertos, obtendo conclusións que agora veñen referendadas polo informe de ICOMOS, expresa o seu rotundo rexeitamento a este proxecto, completamente alleo ao contexto xacobeo, que supón unha ameaza aos valores culturais do Camiño, e demanda ás administracións responsables que poñan todos os medios que a Lei pon á súa disposición para impedir o que, con toda probabilidade, podería converterse no maior atentado patrimonial sufrido polo Camiño de Santiago en chan galego.

Segundo a Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago que cita o mencionado Informe as consecuencias que esta produciría e as recomendacións específicas para evitar ditas afeccións serían :

- Grave impacto negativo con posibilidade de desaparición do ramal histórico e documentado do camiño que une Arzúa co Amenal recoñecido como camiño histórico do tramo Quión-Arca.
- Grave impacto negativo, con posibilidade de desaparición, das Mámoas 1 e 2 de Pena Alta e do Castro da Copa.
- Afección importante e negativa aos valores paisaxísticos, ambientais e intanxibles da área territorial que conforma o entorno ambiental do Camiño de Santiago que lle impregna o seu carácter.
- Impacto negativo sobre el camiño histórico Camiño de Rosas-Loxas-San Sadurniño, elemento que estrutura o camiño que enlaza en San Sadurniño co ramal histórico Arzúa-Amenal.
- Interferencia física e/ou visual do Muíño de Ferradal, do Muíño de Armida, do Muíño de Ares e dalgunhas igrexas parroquiais. Este itinerario está recollido na Carta Xeométrica de Galicia (1834) de Domingo Fontán, referenciado como estrada provincial. No concello do Pino, conserva a súa traza e infraestrutura viaria: dúas pontes, vexetación autóctona, ermida e igrexa.





Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Coñece a Xunta as consecuencias da ameaza que suporía perder para o Xacobeo a condición do Camiño Francés como Patrimonio da Unesco e Patrimonio da Humanidade lanzada polo ICOMOS?
- 2.- Que medidas pensa tomar a Xunta para garantir a identidade do Camiño Francés ao seu paso polos concellos do Pino e Touro ante a ameaza da reapertura da mina?
- 3.- Por que non se conservan os camiños Arzúa-Amenal por Quión e Arca e o camiño Rosas-Loxas-San Sadurniño? A que se debe que non se inclúan como ramais do Camiño por medio da Lei de patrimonio cultural de Galicia?
- 4.- Que medidas de recuperación e conservación vai realizar a Xunta naqueles tramos onde se atopan o camiño máis degradado?
- 5.- Que medidas de protección vai realizar a Xunta para que todos os camiños e bens que nel se inclúen se atopen en condicións óptimas para a próxima celebración do Xacobeo?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Francisco Casal Vidal





Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 12:40:11

Francisco Casal Vidal na data 14/01/2019 12:40:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, sobre as demandas da comunidade educativa do colexio Padre Feijóo de Allariz.

Dende o pasado mes de xullo a comunidade educativa do colexio Padre Feijóo de Allariz vense mobilizando para reclamar o cumprimento da ratio establecida legalmente en función da cal, 25 é o número máximo de alumnado por aula.

Porén, neste centro cóntanse en 51 as nenas e nenos matriculados en 4º de infantil e só se estableceron dous grupos.

Nestes meses as familias puxéronse en varias ocasións en contacto coa Consellería de Educación, sen éxito. E é que, malia todo o malestar, a Xunta de Galicia insiste no incumprimento da taxa legal e en desoír as demandas da comunidade educativa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que motivos xustifican o incumprimento da taxa legalmente establecida?
- 2.^a) En que outros centros se está incumprindo esta taxa?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda





Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:08:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 11:08:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, relativa ao financiamento do festival de cine de Ourense

O Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) é un dos eventos cinematográficos máis relevantes do noso país, un festival que este ano, despois da pésima xestión do goberno Popular de Ourense estivo en claro perigo de non poder ser realizado.

Foi así, pois atopámonos ante un festival organizado polo Concello de Ourense que ten contado en todas as súas edicións con moitos patrocinadores e colaboradores: entidades, empresas, e institucións, entre as que se atopa a Xunta de Galicia que, en vez de financiarlo mediante as convocatorias competitivas, acude ao patrocinio do mesmo.

Finalmente, o festival está a celebrar a súa vixésimo terceira edición sen que, a día de hoxe, se poida coñecer o diñeiro que a Consellería de Cultura destinou a tal evento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cal foi a contía que destinou a Consellería de Cultura para o patrocinio do Festival de Cinema Internacional de Ourense?





2.ª) Cal foron as contías que se destinaron nos anos previos?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 12:48:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 12:48:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, sobre as matrículas en Formación Profesional.

A Formación Profesional é, polo menos en teoría, unha das grandes apostas do Partido Popular en materia educativa. Tanto no que atinxe á lei educativa no estado, a LOMCE, como para a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia que reiterou, en múltiples ocasións, a necesidade de fornecer este tipo de formación.

O constante incremento do paro xuvenil, situado xa no 26,5%, que no caso da mocidade entre 16 e 24 anos ascende ó 36,6%, así como a elevada taxa de abandono escolar temperá, fixo que moitos mozos e mozas volveran a buscar na FP unha alternativa de futuro.

Segundo os propios datos da Consellería a demanda de Formación Profesional non fixo máis que medrar dende o inicio da crise, así, entre 2009 e 2016 produciuse un incremento de case un 50% na matrícula. Sen embargo, non están todos os que son xa que o estudantado atópase con que nalgúns títulos non hai prazas suficientes. Así pasa, por exemplo, en titulacións con moita demanda como as de hostalería que no único centro integrado de Formación Profesional pública da área de Vigo, Manuel Antonio, deixou fóra a máis de cincocentos solicitantes.

É só un exemplo, xa que nos últimos anos, tanto sindicatos como ANPAS, veñen denunciando recortes de profesorado acompañados de listaxes de espera excesivas.





Porén, ao tempo, estase a dar a situación contraria con moitas titulacións practicamente baleiras. Unha ollada ás listaxes de prazas vacantes en FP xa alerta de que son varias as titulacións que teñen dificultades para encher os cupos o que, ao noso entender, é un síntoma da inadecuación da FP galega ás demandas reais da cidadanía e do propio mercado laboral.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantos alumnos e alumnas quedaron no presente curso 2018-2019 sen unha praza nos graos medios de Formación Profesional?
- 2.^a) E nos graos superiores?
- 3.^a) En que titulacións?
- 4.^a) En que localidades?
- 5.^a) Como foi a evolución da demanda de Formación Profesional dende o 2008?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:04:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 11:04:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre a oferta de formación profesional no Concello de Vilalba.

Falar de formación profesional supón falar de calidade do sistema educativo galego e de igualdade de oportunidades. Unha cuestión que afecta tamén ás posibilidades laborais e finalmente, á emigración ou estabilización da mocidade nos lugares nos que viven.

Nese senso cabe entender a demanda feita por Vilalba Aberta cando reclama coma urxente unha ampliación da formación profesional que axude a facer competitiva a estrutura produtiva do Concello, co fin de mellorar as condicións de empregabilidade dun segmento de poboación, a mocidade, líder involuntario de todas as clasificacións de datos de paro.

Neste senso, resulta imprescindible a adaptación da oferta da formación profesional a unha contorna laboral que mudou definitivamente nos últimos anos, máxime se temos presente estudos recentes como o realizado pola OCDE “As competencias máis aló da escola”, que estiman xa que ata 2020 preto de dous terzos do crecemento no emprego terá lugar na categoría de técnicos titulados de Formación Profesional en Grao Medio e Superior.

Con todo, parece inevitable facer referencia ás posibilidades que, en termos de formación e de inserción de emprego, suporía para a mocidade vilalbesa a posta en marcha no Concello de dous dos ciclos que mellor atenden á realidade dun





municipio eminentemente agrario e que se caracteriza, ao tempo, por contar con dúas das mais importantes empresas de transformación de leite, isto é: o curso FP de Explotacións Agrarias Extensivas e o de Procesos e calidade na industria alimentaria.

Porque o futuro das nosas explotacións está en risco, en tanto que non resulta fácil a substitución xeracional sen a necesaria e oportuna formación. Unha formación, paralelamente, sen a cal o traballo agrario está inxustamente infravalorado. Neste senso, é hoxe máis necesario ca nunca poñer en valor o traballo agrario para que as mozas e os mozos o vexan como unha oportunidade de futuro e se recupere o interese por continuar coas actividades iniciadas polas súas familias, modernizándoas e adaptándoas a unha novas tecnoloxías que as fagan competitivas no contexto actual. Ao tempo, o anteriormente citado ciclo de Procesos e calidade na industria alimentaria, e que pola vía da específica formación en tarefas de xestión da produción, organización, control, investigación, así coma no que ten que ver co desenvolvemento, calidade e seguridade alimentaria; suporía, do mesmo xeito, a tan necesaria adaptación da oferta formativa ás verdadeiras necesidades produtivas, neste caso, do - non precisamente amplo - tecido empresarial de Vilalba.

Neste senso cabe entender a nosa proposta, a fin de converter - a medio/longo prazo - ao Concello de Vilalba nun referente do sector agroalimentario, en base a unha crecente densidade gandeira, ao repunte e consolidación da produción ecolóxica e de proximidade e á calidade innovadora dunhas explotacións, que se conciban competitivas ao tempo que respectuosas co medio ambiente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:





- Ten previsto o Goberno galego ampliar as opcións de formación profesional en Vilalba?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/01/2019 11:50:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/01/2019 11:50:08



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727